


GUÍA PARA FAMILIAS

implica2

IMPLICACIÓN FAMILIAR E RENDEMENTO ACADÉMICO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A EFECTIVIDADE DUN PROGRAMA PARA PAIS E NAIS

Edición a cargo de
Agustín Godás Otero
Elena Fernández Rey



Implicación familiar e rendemento académico en educación primaria

A efectividade dun programa para pais e nais

Guía para familias

Edición a cargo de

Agustín Godás Otero
Elena Fernández Rey

2020

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluída en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© **Universidade de Santiago de Compostela, 2020**

Ilustración de cuberta

Adela e Olga Godás Sabio

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

Deseño e maquetación

Paula Cantero, origamiestudio.com

<https://dx.doi.org/10.15304/im.2021.1378>

Autores/as

Godás Otero, Agustín (ed.)

Fernández Rey, Elena (ed.)

Cambeiro Lourido, María do Carmen

Ceinos Sanz, Cristina

García Álvarez, Jesús

López Castro, Leticia

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel

Míguez Salina, Gabriela

Núñez García, Jérica

Nogueira Pérez, Miguel Ángel

Sotelino Losada, Alexandre

Varela Portela, Cristina

Vázquez Rodríguez, Ana

Índice

1.
Presentación

2.
Qué é
e que non é
implicarse?

3.
Por que é
importante
implicarse?

4.
Que
propoñemos
nesta guía?

5.
O inicio da
adolescencia

6.
Comunicación
na familia

7.
As relacións
entre a familia
e a escola

8.
O traballo
escolar no fogar

9.
Para saber
máis

10.
Comentario
final e
avaliación



1. Presentación

O que imos desenvolver nesta guía pretende ser un apoio para os pais e nais e unha axuda para os/as fillos/as nunha serie de cuestións que inciden na súa vida escolar e na súa educación en xeral.

Temos a intención de informar ás familias sobre os aspectos que teñen unha influencia directa no traballo que os/as seus/súas fillos/as teñen que facer na escola, e ao tempo proporcionarlles orientación sobre como axudarlles, deixándolles un espazo para que eles e elas actúen segundo o seu propio estilo de traballo e a súa forma de enfrontarse ás dificultades que xurdan antes de calquera novidade.

Hoxe podemos garantir, de forma científica e obxectiva, que cando os pais e nais se implican na educación dos/das seus/súas fillos/as e cando saben polo que están pasando como persoas, están fortalecendo o seu desenvolvemento e no que constitúe a base para acadar calquera meta escolar.

Sabemos tamén que, ao implicarnos, axudámoslles a desenvolver hábitos e habilidades, a se organizaren para aproveitar o tempo, a aprender, de xeito independente, a responsabilizarse do seu propio traballo, a enfrontarse ás dificultades propias da súa idade e da contorna escolar e o que é máis importante, a compartir experiencias cos seus pais e nais.

Isto é o que queremos sinalar e destacar, dialogando e intercambiando ideas e adaptándoas ás necesidades do grupo.

Para intentalo, dividimos a guía en catro seccións nas que falaremos do inicio da adolescencia, da comunicación entre pais/nais e fillos/as, das relacións entre a familia e a escola, do traballo escolar no fogar. Pero primeiro imos centrar as cousas un pouco.

2. Que é e que non é implicarse?

Implicarse é....

- Estar informado/a sobre o que acontece na escola.
- Poñer os medios físicos necesarios para estudar e facer os deberes.
- Dicirlles, as veces que sexa necesario, o importante que é dedicar un tempo diario ao traballo escolar no fogar.
- Apoiar e axudar, cos medios e co tempo dos que cada un dispoña, coas tarefas escolares.
- Mostrar interese polos asuntos escolares diante deles.
- Establecer algunhas regras (horarios e lugar) para facer as tarefas escolares e preparar os exames.
- Preguntar e observar diariamente se se realizaron as tarefas escolares.
- Observar que no lugar de estudo non exista ningunha distracción (televisión, música, etc.) e que o uso do móbil, da tableta ou do ordenador é para axudar a resolver as tarefas.
- Se é necesario, recorrer a outros membros da familia para apoiar e axudar co traballo escolar.
- Utilizar as gratificacións cando o/a estudante non estea motivado/a, especialmente «as cousas agradables que poderá facer cando remate a tarefa».
- Reunirse cos/coas seus/súas titores/as para saber cales son os seus obxectivos e pedirlles consello sobre como facer as tarefas, sempre informando ao/á alumno/a do que se comentou na titoría.

Implicarse non é....

- Facer os deberes do/a estudante.
- Solucionar, desde a casa, os problemas que o/a estudante ten na escola, desaproveitando a visión do profesorado por moito que non coincidamos coa súa opinión.
- Substituír aos/ás profesores/as dos/as nosos/as fillos/as.
- Facer na casa o que non se explicou na escola sen consultalo co profesorado.
- Ser un/unha especialista en matemáticas, lingua ou ciencias da natureza, etc.



- Enfrontarse co profesorado simplemente para que o rapaz ou rapaza se sinta protexido/a.
- Tratar con indiferenza tanto os éxitos como os fracasos do/a estudante, sen aproveitar os erros para superalos.

3. Por que é importante implicarse?

Persoas expertas en educación a nivel mundial conceden un papel moi importante ás familias, destacando que nos países onde a implicación familiar é potenciada a educación funciona con éxito.

Para o bo e para o malo, esas mesmas persoas destacan o peso que as familias teñen para inculcar nos/as seus/súas fillos/as aspiracións e preferencias que non teñen nada que ver cos estudos.

A investigación sobre os efectos da implicación familiar revela moitas cousas: **cando o/a estudante percibe que os seus pais e nais se interesan polos seus asuntos da escola e se sente apoiado cando solicita axuda...**

- Consolidan unha boa imaxe de si mesmos/as.
- Confían nas súas capacidades para resolver tarefas difíciles.
- Séntense valorados/as e respectados/as.
- Aumenta a súa satisfacción coa escola e cos/coas seus/súas profesores/as.
- Aceptan e asumen as normas impostas e negociadas.
- Melloran os seus hábitos de estudo.
- Manifestan desexos de seguir estudando.



4. Que propoñemos nesta guía?

O noso principal obxectivo é dirixir a atención das familias a unha serie de aspectos que, grazas á investigación realizada, sabemos que inflúen no bo fluxo da vida escolar do/a alumno/a e na súa educación en xeral.

Moitos dos aspectos que aparecen na guía son ben coñecidos polas familias, xa sexa por experiencia, por información consultada ou polo intercambio de comentarios con outros pais e nais na súa mesma situación. A nosa idea é organizar estes relatos e sinalar as posibles solucións prácticas que se adoitan propor, coa posibilidade de conversar sobre elas, adaptándoas ás necesidades de quen decida participar na súa lectura.

Non pretendemos axudar a que as familias non se equivoquen cando apoian aos/ás seus/súas fillos/as nos asuntos escolares, conformámonos con que, despois de actuar, pensen: «**Isto podería telo feito doutro xeito**».

Moitos/as de quen colaboramos na preparación desta guía somos pais e nais coma vós que nos equivocamos moitas veces, pero temos unha lixeira vantaxe: **sabemos, despois de termos errado, que tería sido mellor facer ou dicir as cousas doutra maneira**. Non é moito, pero algo é algo.

O que van atopar a continuación son uns documentos de traballo que dividimos en catro seccións para facilitar a lectura e comprensión. Comezamos polos inicios da adolescencia e os cambios máis destacados que afectan aos/ás nosos/as fillos/as, para continuar co tema, nada fácil, da comunicación entre pais/nais e fillos/as, seguindo coa importancia das relacións entre familia e escola, e rematar coas estratexias máis efectivas para realizar o traballo escolar no fogar.

5. O inicio da adolescencia

Coa primeira cuestión que imos tratar queremos axudar ás familias que queren coñecer algunhas características dos/as seus/súas fillos/as que son debidas á súa evolución como seres vivos e como persoas.

Comezan xa a non depender tanto de nós, aínda que nos seguen necesitando, por iso é moi importante entender os seus cambios para atopar formas de comunicamos con eles e elas e solucionar aquelas situacións que poden provocar conflitos familiares.

Que está cambiando nos/as nosos/as fillos/as nos últimos anos de Primaria?

Pois, o seu aspecto físico, o seu pensamento e linguaxe, os seus afectos e as súas relacións sociais. Se coñecemos estas particularidades, saberemos o que necesitan, podemos axudalos/as e deixarlles decidir sobre o xeito de lograr os seus obxectivos e intereses.

Aínda que os catro aspectos que sinalamos discorren no mesmo período de tempo e en cada persoa, comentaremos por separado cada un deles.

O físico

- Dominan todo o que ten que ver cos movementos do seu corpo (as posturas).
- Teñen máis forza muscular e poden esforzarse (podemos pedirles facer cousas que os/as adultos/as saben que son capaces de facer, non incluíndo aquí o peso esaxerado das súas mochilas).
- Gústalles competir e é positivo dicirlles que **tan importante como gañar é poñerllo difícil ao contrario**.
- Xa coñecen a súa propia imaxe, poden explicar a calquera como é o seu físico.
- Saben que cousas se lles dan ben e cales non.
- Están experimentando os cambios sexuais propios da súa idade (voz, pelo, etc.).



O pensamento e a linguaxe

- Coñecen as súas capacidades e tamén cales son as súas limitacións.
- Son capaces de pensar antes de actuar. Ante un problema, poden razoalo e buscar unha solución.
- Poden controlarse a si mesmos nunha tarefa durante 30 minutos.
- Poden controlarse a si mesmos —o que lles apetece co que non pode ser—.
- Coñecen as normas, aínda que sexa necesario repetírllelas.
- Son capaces de se comunicaren e se expresaren, utilizando diferentes tipos de linguaxe (verbal e corporal).
- Poden imaxinar e visualizar o que escoitan.

As relacións sociais

- Grazas á linguaxe, verbal e non verbal, teñen facilidade para se relacionaren.
- Son capaces de aceptar as normas, aínda que busquen xustificación para o que lles esiximos (do trato cos outros, da hixiene, no comer e no vestir, de saída e de chegada á casa, etc.).
- Tamén son capaces de cooperar cos demais (en tarefas domésticas e na organización dos seus asuntos familiares e escolares).
- Apóianse cada vez máis nas amizades sen que a súa familia lles deixe de importar.
- Teñen segredos que non comparten cos/coas adultos/as.

Os aspectos afectivos

- Son capaces de comunicar os seus sentimentos.
- Gústalles que se respecte a súa intimidade.
- Recoñécense e identifícanse sexualmente.
- Os seus estados de ánimo poden cambiar moi rapidamente.

6. Comunicación en familia

As ideas a desenvolver son...

- Cando nos comunicamos, expresamos o noso punto de vista, amosamos os nosos sentimentos buscando que nos entendan e nos apoiem, e é así como nos sentimos confiados/as e seguros/as cando estamos en familia.
- Agora os/as nosos/as fillos/as entenden mellor as situacións que os/as rodean. Corre pola nosa conta crear as condicións para que nos falen dos seus asuntos.

Cales son esas condicións?

Sermos accesibles. Estar dispoñibles. Facilitar os encontros.

Todo o que falamos cos/coas nosos/as fillos/as é importante para eles/as, pero se buscamos que cada vez sexan máis autónomos/as, sen descoidar a nosa supervisión, hai cuestións que son máis importantes que outras. Nesta guía desenvolveremos tres situacións que nos parecen fundamentais: a importancia de que coñezan a realidade familiar, o que esperamos deles/as e como superar a desgana para cumprir as súas obrigas.

A realidade, ante todo

Hai temas de conversa que deben saír nalgún momento, aínda que haxa que forzalos. Os/as nosos/as fillos/as están capacitados/as para entender moitas cousas e, se os/as adultos/as nos poñemos de acordo para contarllelas, comprenderán a súa importancia.

Non é unha conversa só para adultos/as, é un asunto familiar que os/as pais/nais deben tratar de ti a ti facéndolles ver que confiamos nas súas intencións e cando nos din algo, sabemos que é importante para eles/elas e facémosllelo notar cunha simple frase: «Á túa idade, eu pensaba igual». Poñerse como exemplo é moi efectivo, axúdalles a entender aos/ás adultos/as.



Mensaxes importantes

- «Traballando duro, como facemos nesta familia, conséguense moitas cousas (todo o que temos nesta casa, ir de viaxe onde sexa, ir ao cine e a cear fóra, celebrar o noso aniversario e facérmonos regalos, mercar roupa, calzado e moitas cousas máis)».
- «Á túa idade, o teu traballo consiste en estudar. Isto é o primeiro e o máis importante, as demais cousas fanse despois».
- «A lei obriga aos pais e nais a que os/as seus/súas fillos/as vaian á escola. Non fai moi moito tempo isto non era así».
- «Os mellores empregos son para aqueles/as que teñen máis e mellores estudos, ata onde cada un/unha o poida permitir».
- «Pero tamén é importante estudar ou traballar no que máis nos gusta e só hai un xeito de conseguilo: esforzarse e estar preparado/a».

Vexamos algúns exemplos que nos esixen ter coidado

- «O teu pai e a túa nai traballan en algo que non lles gusta e vailles ben». (Sempre hai cousas do traballo que nos gustan).
- «Hai persoas que non traballan e viven moi ben». (Seguro que non traballan ou é que teñen traballos cómodos?).
- «Para conseguir unha boa vida non é necesario traballar nin estudar». (Dáme un exemplo).

O que esperamos dos/as nosos/as fillos/as... E o que ele/as esperan

Teñen que saber que as persoas que influímos sobre eles/as (pais, nais, avós/as, tíos/as, irmáns/ás, curmáns/ás, etc) ademais de confiar nas súas explicacións, valoramos o que fan, destacando as súas calidades en público, en privado, e sempre con eles/as presentes.

Non basta dicirlles o que esperamos deles/as, debemos felicitalos/as cando fan o que esperamos, e axudarlles cando non o conseguen.

Como facelo?

De novo recorreremos ás mensaxes como exemplo de situacións bastante frecuentes:

- Debemos ter coidado cando comparamos os/as nosos/as fillos/as con outros rapaces/zas (amigos/as, irmáns/ás, etc).
- Os tropezos ou fracasos coméntanse no ámbito privado da familia.
- O anterior vén dado pola importancia que ten aprender dos erros (corrixilos sen présa).
- Os hábitos de traballo e estudo, así como as crenzas positivas cara á escola, son tan importantes como as cualificacións (ás veces estas adoitan ser enganosas).
- Non debemos deixarlles baixar o listón: esixir menos porque consideramos que non dá máis só ten sentido cando hai fatiga ou unha enfermidade.
- Se non o solicitan ou din que non o necesitan, non é necesario axudalos/as. Agora ben, cando o demanda hai que receptivos/as (mirar para eles/as, atendelos/as, deixar de facer o que se está facendo se é posible, non criticar as súas ocorrencias, aínda que se lles diga que non se comparten, etc.).
- Debemos esixirlles tarefas que sexan posibles de realizar, non doadas, senón posibles, evitando o fracaso seguro de antemán.
- O trato debe ser comprensivo e non compasivo.
- Os éxitos hai que celebralos, en público e en privado.
- Cando nos preguntan, facer pausas antes de responder, de xeito que non interpreten que non nos importan as súas preocupacións. Demostrar interese.



7. As relacións entre a familia e a escola

Ninguén cuestiona hoxe a influencia da familia no éxito educativo dos/as estudantes na súa primeira etapa como tal. Ás veces, a realidade contamina as relacións da familia coa escola debido a unha serie de hábitos pouco saudables:

- A escola chama ás familias só cando hai problemas.
- As familias só van á escola cando hai algún problema.
- As familias non saben o que os/as profesores/as dos/as seus/súas fillos/as queren e esperan.
- O profesorado non sabe como se apoia e supervisa o traballo escolar no fogar.
- As familias non informamos ao profesorado sobre o que facemos, nin preguntamos se o estamos a facer ben, se podemos mellorar a nosa actuación ou, simplemente, se seremos capaces de facelo.
- A queixa como único elemento de reflexión, con efectos negativos a curto e a longo prazo se se fai en presenza do/a estudante ou se este/a se dá de conta, interpretando como «quen está comigo e quen contra min».
- Da mesma forma que non explicamos ao/á noso/a dentista como debe extirparnos unha peza danada, tampouco debemos indicar a outras persoas como deben facer o seu traballo: o profesorado ten a súa propia maneira de facer as cousas e os pais e nais temos a nosa.
- Para iso está a titoría, para intercambiarmos información e chegarmos a unha solución que beneficie a quen máis o necesita: o/a estudante.

Habería máis cousas para comentar, pero é mellor previr.

Nesta parte da guía queremos invitarvos a pensar como é e como podemos mellorar a nosa relación coa escola e como os/as nosos/as fillos/as a ven.

Que ocorre na escola?

- Saber o que pasa na escola (nas clases, no recreo, etc.).
- Preguntar aos/ás nosos/as fillos/as polo que están aprendendo nas materias que cursan.
- Falar con eles/as dos seus/súas profesores/as evitando a crítica e tratando de explicarlles a diferenza entre a visión do/a profesor/a e o que sente ou desexa o/a estudante.



Cando dedicamos tempo a estas cousas e mostramos interese polos asuntos escolares, estámoslles dicindo que a escola é importante e nos importa.

A NOSA PRESENZA NA ESCOLA: A TITORÍA É PARA COIDAR E ACOMPAÑAR.

- Non é para organizar a nosa vida, estannos orientando persoas expertas para o beneficio dos/as nosos/as fillos/as.
- En materia escolar, os/as profesores/as son os que máis saben do asunto.
- Aínda que non se vexa así, anima ao profesorado a saber que as familias están interesadas no seu traballo. A quen non lle gusta?
- É o mellor momento para coñecer o que se espera dos/as nosos/as fillos/as e como podemos axudalos/as a conseguilo.
- Os/as nenos/as deberían coñecer e apreciar que o noso acordo cos/coas profesores/as é para axudalos/as e apoialos/as, nunca para deixalos/as en evidencia ou en ridículo.
- As clases de reforzo recoméndansenos cando as familias non podemos, por calquera motivo (tempo, gana, preparación, etc.), atender ás recomendacións do profesorado. Non son diagnósticos psicolóxicos sobre os/as nosos/as fillos/as.



A nosa axuda desde a casa agradécese na escola. Vexamos un pequeno resumo do que é importante:

 QUE PODEMOS FACER?	 QUE NON DEBEMOS FACER?
<ul style="list-style-type: none">→ Mostrarlles unha actitude positiva cara á escola, profesorado e tarefas para a casa.→ Manter un contacto persoal co/coa titor/a.	<ul style="list-style-type: none">→ Falar mal da escola, do profesorado ou dos deberes.
<ul style="list-style-type: none">→ Fomentar a súa responsabilidade e autonomía.	<ul style="list-style-type: none">→ Facerlles os deberes (exceso de protección).→ Atafegalos/as cos deberes, preguntándolles constantemente se os fixeron.
<ul style="list-style-type: none">→ Supervisar o seu estudo e xerar un bo clima de colaboración.	<ul style="list-style-type: none">→ Esixirlles moito, sen respectar os seus ritmos de aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none">→ Proporcionarlles un ambiente onde a aprendizaxe sexa un valor, creando situacións nas que poidan aplicar os coñecementos aprendidos e ofrecéndolles estímulos para explorar.→ Desenvolver e reforzar o desexo de aprender cousas novas e a curiosidade natural.→ Potenciar a súa motivación para ler.	<ul style="list-style-type: none">→ Pensar que os estudos é o único importante na vida dos/as nosos/as fillos/as.→ Non respectar o seu tempo libre e de lecer.
<ul style="list-style-type: none">→ Atopar formas de motivalos/as para o estudo e a aprendizaxe.→ Reforzar os seus logros e especialmente os esforzos que realizan.	<ul style="list-style-type: none">→ Reforzar os seus logros só con recompensas materiais.→ Comparalos/as continuamente con irmáns/ás, curmáns/ás, amigos/as...→ Unicamente criticalos/as polo que fan mal, sen termos en conta ou reforzarmos o positivo.

8. O traballo escolar no fogar

O fogar non debe ser un substituto da escola. É o lugar onde se dan as condicións para repasar o traballo realizado durante a xornada escolar e evitar así que se esqueza. E como ademais de estudar hai outras actividades e compromisos que case ninguén pode evitar, é necesario que haxa un acordo entre pais, nais e fillos/as sobre como organizar o tempo dispoñible.

Que importa neste momento? Pois cando e como estudar e como axudalos/as a facelo o mellor posible

- O primeiro é dispoñer dunhas condicións que favorezan o estudo: a mesa e cadeira, boa iluminación, temperatura e ventilación, limpeza e certa orde, sen ruídos ou distraccións e cos materiais necesarios para traballar.
- O lugar de estudo (para facer tarefas ou preparar os exames) sempre debería ser o mesmo.
- A axenda do/a estudante, como as nosas, é a que establece o tempo de traballo, as pausas e a realización doutras actividades.
- Cada familia debe negociar estes requisitos e o coñecido «agora non teño gana», podo facelo máis tarde?
- Debemos preguntar se cumpriu o pactado e estar dispoñibles cando soliciten a nosa opinión ou axuda.

Hai cousas que corren pola nosa conta

- Que durman e descansan o suficiente.
- Manter unha dieta equilibrada.
- Vixiar os hábitos pouco saudables.
- Observar o seu estado de ánimo e preguntarlle sobre este asunto en condicións de intimidade.

É complicado estudar?

O complicado é que nos supere a desgana, o resto é organización:

- As técnicas básicas de estudo que se aprenden en Primaria e que cada estudante perfecciona ou esquece e descoida nas fases seguintes da súa educación. Aquí entramos os pais e nais.



→ Cousa rara na nosa sociedade, pero hai un gran acordo nas liñas básicas. Unha vez que o/a estudante dispón de libros e de tecnoloxías de información (móviles, internet, etc.) os pasos son moi simples:

- Ler os materiais
- Resumir as ideas principais coas propias palabras do/da estudante, sen copiar o texto.
- Ler o resumo para comprobar se se entende (aquí volvemos entrar nós).
- Facer un esquema, con poucas palabras, das ideas principais.
- Seguir cun esquema as ideas secundarias e relacionar cada unha coas anteriores.

Saben facelo, pero ás veces precisan asegurarse (volvemos entrar os pais e nais).

Todo isto pode variar dependendo das características de cada familia, polo que é aconsellable comentalo con aquelas persoas que poden guiarnos.

9. Para saber máis

- **Supersaber.com**
www.supersaber.com
 Xogos de matemáticas, lingua, ciencias naturais, etc.
- **Educalandia.net**
www.educalandia.net
 Xogos e aprendizaxe da aprendizaxe.
- **Learning Games for Kids**
www.learninggamesforkids.com
 Xogos educativos en inglés.
- **Educaguía**
www.educaguia.com
 Web con múltiples recursos educativos.
- **Aprendiendo Matemáticas**
<https://aprendiendomatematicas.com/blog>
 Actividades e xogos sobre matemáticas para distintas idades.
- **Claseshistoria.com**
www.claseshistoria.com
 Revista dixital de Historia e Ciencias Sociais.
- **Cuentos Infantiles A dormir.com**
www.cuentosinfantilesadormir.com
 Historias clásicas, fábulas, etc.



10. Comentario final e avaliación

Esta guía estaría incompleta se non vai seguida dunha discusión sobre os aspectos que non quedaron claros, ou cos que non estamos de acordo. Ademais da discusión coas familias, para nós sería de gran axuda que os/as pais/nais avaliasen o que escribimos aquí. É a proposta que sinalamos a continuación. Moitas grazas pola súa atención.

Instrucións para a avaliación

Imos preguntarlles polo que lles pareceu a guía, seguindo este exemplo:

Moi importante: Le con atención o exemplo. A mecánica desta avaliación consiste no seguinte.

Presentámosche un aspecto da guía, por exemplo, a súa «Comprensión». A continuación pedímosche que nos digas se é «fácil» do seguinte modo:

Comprensión da guía.

	1	2	3	4	5	
DIFÍCIL						FÁCIL

		1	2	3	4	5	
Se sinalas	DIFÍCIL	X					FÁCIL entendemos que é «moi difícil»
Se sinalas	DIFÍCIL		X				FÁCIL entendemos que é «un pouco difícil»
Se sinalas	DIFÍCIL			X			FÁCIL entendemos que é «nin fácil nin difícil»
Se sinalas	DIFÍCIL				X		FÁCIL entendemos que é «un pouco fácil»
Se sinalas	DIFÍCIL					X	FÁCIL entendemos que é «moi fácil»

Por favor, sinala a mellor opción en canto:

	1	2	3	4	5	
Confusa						Clara
Insuficiente						Suficiente
Inútil						Útil
Aburrida						Divertida
Difícil						Doadada
Comprensible						Incomprensible
Distante						Próxima
Idealista						Realista
Deprimente						Ilusionante

Moitas grazas

implica2



EDU2015-66781-R



FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

